

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Federación Down Galicia para favorecer a atención educativa pola inclusión do alumnado coa síndrome de Down ou con discapacidade intelectual

En Santiago de Compostela.

REUNIDOS

Dunha parte, Don **ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024 do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, e do establecido no Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante Consellería).

Da outra, Don **DELMIRO PRIETO GONZÁLEZ**, con DNI 71.497.418-D, en calidade de presidente da Federación Down Galicia, (en diante Down Galicia), actuando na súa representación en virtude das atribucións que lle confire o artigo 29 dos estatutos da federación, segundo consta na resolución de inscrición de modificación de estatutos de data 27 de maio de 2023 e segundo consta no certificado dos órganos de goberno da Federación Down Galicia de data 25 de xullo de 2024, con CIF G-15665144 e domicilio social na Rúa de Alejandro Novo González 1, 15706 Santiago de Compostela (A Coruña); inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co núm. 1998/000003-2, tal e como consta na resolución de inscrición da xunta directiva do 2 de xuño de 1998.



EXPOÑEN

1. Que a Consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

2. Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que dediquen os seus esforzos a esta finalidade.

Neste sentido, tanto na normativa educativa estatal, na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, así como no desenvolvemento curricular estatal e da Comunidade Autónoma de Galicia, faise explícita a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entre o que se sitúa o alumnado con síndrome de Down ou con discapacidade intelectual.

3. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, refire no seu artigo 4.3 que "Sen prexuízo de que ao longo do ensino básico se garanta unha educación común para todo o alumnado, adoptarase a educación inclusiva como principio fundamental, co fin de atender á diversidade das necesidades de todo o alumnado, tanto do que ten especiais dificultades de aprendizaxe como do que ten maior capacidade e motivación para aprender. Cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes, segundo o disposto na presente lei, conforme aos principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, garantindo en todo caso os dereitos da



infancia e facilitando o acceso aos apoios que o alumnado requira”.

4. Así mesmo, o artigo 71.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, di que “Corresponde ás Administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado” e o establecemento de convenios de colaboración con entidades que atenden a este alumnado vai axudar no cumprimento da normativa.

5. Que Down Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins. O seu fin principal é apoiar o labor das entidades da Federación no traballo pola inclusión das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, a través de apoios personalizados ao longo da súa vida e da súa participación nos recursos existentes para toda a poboación, asumindo o establecido na “Convención de Nacións Unidas sobre dereitos das persoas con discapacidade”, e en particular o que regula no seu Artigo 24 Educación (1). Entre as súas finalidades, tamén está a promoción da participación das familias e/ou das persoas representantes no sistema educativo. Down Galicia para a consecución dos seus obxectivos, así como no marco da presente colaboración, contará co apoio e traballo coordinado das súas entidades membros:

RAZÓN SOCIAL ENTIDADE MEMBRO	C.I.F.
DOWN VIGO: ASOCIACIÓN PARA EL SÍNDROME DE DOWN	G-36.697.324
DOWN PONTEVEDRA "XUNTOS" ASOC. SÍNDROME DE DOWN	G-36.164.887
ASOC. SÍNDROME DE DOWN "TEIMA" DE FERROL	G-15.458.060
FUNDACIÓN DOWN COMPOSTELA	G-70.040.258



DOWN CORUÑA: ASOCIACIÓN PARA EL SÍNDROME DE DOWN	G-15.731.466
ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN DE LUGO - DOWN LUGO	G-27.202.043
DOWN OURENSE	G-32.311.870

(1) Convención de Nacións Unidas sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade: A "Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade" foi aprobada pola "Asemblea Xeral das Nacións Unidas", o 13 de decembro de 2006, ratificada polo Goberno español o 30 de marzo de 2007 e adaptada á lexislación española na "Lei 26/2011, de 1 de agosto, de adaptación da normativa á Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade".

6. Que Down Galicia leva traballando dende fai anos en proxectos de innovación e mellora das actuacións educativas inclusivas para todo o alumnado, e en particular para o alumnado coa con síndrome de Down ou con outra discapacidade intelectual, no deseño de actividades e programas educativos para o desenvolvemento integral e equitativo de todo o alumnado, non contribuíndo a xerar diferencias e discriminacións.

7. Que Down Galicia é unha entidade que ten entre os seus principais obxectivos (tal e como se explicita no artigo 6 dos seus Estatutos) as seguintes:

a) Impulsar que as persoas con síndrome de Down ou outras discapacidades intelectuais participen activamente nos procesos de adopción de decisións sobre políticas e programas, incluídos os que lles afectan directamente.

b) Potenciar a constitución de Asociacións e/o institucións que traballen para persoas con síndrome de Down ou outras discapacidades intelectuais.

c) Estimular as relacións entre os membros.

d) Impulsar e potenciar os obxectivos das actividades dos seus membros.

e) Estudar e promover disposicións legais que garantan os dereitos das persoas con síndrome de Down ou outras discapacidades intelectuais.

f) Establecer os programas e accións encamiñadas a promover estudos



científicos sobre a síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

g) Promover e realizar campañas de información e sensibilización social para difundir o coñecemento e a realidade das persoas con síndrome de Down ou outras discapacidades intelectuais.

h) Representar aos seus membros en cuestións de interese xeral ou a pedimento dos mesmos.

i) Promover proxectos de inclusión escolar, laboral, social, programas de saúde e todos aqueles que favorezan o desenvolvemento persoal e a plena inclusión das persoas con síndrome de Down ou outras discapacidades intelectuais.

j) Xestionar subvencións perante os Organismos competentes de carácter autonómico, nacional ou internacional (públicos ou privados) para obter recursos para o seu mantemento e o funcionamento de todos os programas e servizos que desenvolve, coordina e promove.

k) Establecer e manter relacións de colaboración con outras Organizacións que teñan obxectivos similares.

l) Evitar e, se fose necesario, denunciar a todas aquelas entidades ou persoas que actúen en contra dos intereses das persoas con síndrome de Down ou outras discapacidades intelectuais.

m) Promover intercambios e encontros entre profesionais de distintas entidades relacionadas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, posibilitando o coñecemento das diversas experiencias que ao longo da xeografía nacional están a se levar a cabo.

n) Prestar apoio psicolóxico ás familias das persoas con síndrome de Down ou outras discapacidades intelectuais, especialmente ás nais e pais con sobrecargas familiares.

ñ) Fomentar a promoción da muller con síndrome de Down ou outra discapacidade intelectual en todos os ámbitos. Fomentar todas aquelas políticas



de discriminación positiva que promovan a inclusión social en todos os ámbitos (escolar, familiar, social, laboral...) das mulleres con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

o) Promover e organizar actividades de Lecer e Tempo Libre dirixidas a mozos con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, que fomenten a súa participación na comunidade e, por tanto, á súa inclusión social.

p) Promover a autonomía persoal das persoas con síndrome de Down ou outras discapacidades intelectuais.

q) Realizar actividades relacionadas coa formación permanente do profesorado no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

r) Calquera outro que, de modo directo ou indirecto, poida contribuír á realización dos fins da Federación.

s) Impulsar e promover a autonomía e a participación social e cidadá en accións de cooperación para o desenvolvemento, así como fomentar a educación para o desenvolvemento e a sensibilización da sociedade nas realidades dos pobos máis desfavorecidos, potenciando unha ética asentada en valores humanistas, de convivencia pacífica, tolerancia e igualdade entre todas as persoas, con especial consideración a aquelas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

t) Favorecer a inclusión social das persoas con síndrome de Down ou outras discapacidades intelectuais en todas as etapas da súa vida, evitando a súa exclusión social e aumentando a súa participación no mercado de traballo, para lograr unha igualdade real de oportunidades e conseguir a súa plena inclusión en todos os ámbitos (familiar, escolar, laboral e social).

u) Mellorar os mecanismos existentes para a defensa dos dereitos das persoas maiores con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais; proporcionar e promover accións de envellecemento activo e participación social, así como a prestación de servizos eficaces para mellorar a súa calidade de vida.



v) Promover a autonomía e a prevención da dependencia nas persoas con síndrome de Down ou outras discapacidade intelectuais.

w) Promover a accesibilidade das persoas con síndrome de Down ou outra discapacidade intelectual ás actividades culturais, dirixidas a fomentar a súa participación e presenza na comunidade e a promoción da cultura.

x) Reivindicar o acceso das persoas con síndrome de Down ou outra discapacidade intelectual, de forma accesible, aos recursos da comunidade, na medida que están ao dispor de toda a poboación.

z) Demandar e fomentar o cumprimento da accesibilidade universal.

8. Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou providións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con síndrome de Down ou con discapacidade intelectual.

En consecuencia, a Consellería e a Federación Down Galicia acordan subscribir este convenio conforme as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio



O convenio ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería e a Federación Down Galicia nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con síndrome de Down ou con discapacidade intelectual.

Segunda. Persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias da colaboración prevista neste convenio serán o alumnado con síndrome de Down ou con discapacidade intelectual, de todas as etapas e niveis regulados pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e na súa redacción dada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, escolarizado en centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería, o profesorado e as familias dese alumnado.

Terceira. Desenvolvemento da colaboración

1. A Consellería promoverá na formación permanente do profesorado, que desenvolve por medio das estruturas de formación e nas distintas modalidades formativas, a colaboración de Down Galicia e das súas entidades membros nas accións relativas á atención á diversidade e á formación do profesorado que atende ao alumnado con síndrome de Down ou con discapacidade intelectual.
2. A Consellería e Down Galicia colaborarán na sensibilización e na difusión de materiais e documentos que permitan un maior coñecemento das circunstancias específicas asociadas ao alumnado con síndrome de Down ou con discapacidade intelectual.
3. A Consellería facilitará a colaboración do persoal profesional de Down Galicia nos centros docentes dependentes da Consellería con escolarización de alumnado con síndrome de Down ou con discapacidade intelectual.

A solicitude de colaboración do persoal profesional de Down Galicia debe realizarse por parte do centro docente, e as liñas xerais desa colaboración poderán ser:

- a) Asesoramento na atención educativa ao alumnado con síndrome de Down ou con discapacidade intelectual escolarizado nos centros sostidos con fondos



públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, así como aos centros que escolaricen a este alumnado, ao seu profesorado e ás súas familias.

b) Propoñer actuacións de carácter preventivo e concretas, que poderán ser levadas a cabo polo equipo docente do centro educativo, dirixidas ao alumnado con síndrome de Down ou con discapacidade intelectual.

c) Colaboración na orientación sobre metodoloxías axeitadas dirixidas á intervención educativa do alumnado con síndrome de Down ou con discapacidade intelectual.

d) Información e formación naqueles aspectos que o persoal dos centros docentes requira en relación co tratamento educativo do alumnado con síndrome de Down ou con discapacidade intelectual.

Cuarta. *Características da colaboración do persoal da Federación Down Galicia e das súas entidades membros*

1. Tendo en conta os termos xerais referidos na cláusula anterior e o principio de autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión dos centros docentes, a dirección de cada centro, o persoal especialista de Down Galicia e as familias do alumnado con síndrome de Down ou con discapacidade intelectual, establecerán de mutuo acordo e por escrito seguindo o establecido neste convenio, os termos concretos desa colaboración. Eses termos deben formar parte das medidas de atención á diversidade previstas no Plan Xeral de Atención á Diversidade, das normas de organización, funcionamento e convivencia e/ou das correspondentes programacións xerais anuais de cada centro.

2. O profesorado tutor ou, se é o caso, profesorado designado pola dirección do centro será o responsable de coordinar as posibles actuacións concretas das persoas especialistas de Down Galicia, en cada un dos casos, e de manter informada a cada unha das familias.

3. As actuacións do persoal especialista de Down Galicia nos centros docentes, entenderanse dentro do principio de colaboración entre todas as persoas que atenden a un mesmo alumno ou alumna e coa finalidade de facilitarlle unha



atención educativa inclusiva eliminando as barreiras que dificultan ou impiden a accesibilidade e a súa participación nos diferentes espazos de aprendizaxe e convivencia (aula ordinaria, recreos, excursións, etc.), fomentando o emprego de metodoloxías inclusivas e o deseño universal da aprendizaxe, e logrando a motivación e participación do alumnado coa síndrome de Down ou outras discapacidades intelectuais do mesmo xeito que o resto do alumnado. Este persoal deberá reunir a formación profesional e técnica adecuada que se require para atender ao alumnado con síndrome de Down ou con discapacidade intelectual; ter cumprida as obrigas impostas polo capítulo II do título V da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte a violencia; ter regularizada a súa situación laboral coa Federación Down Galicia e as súas entidades membros e respectar os principios de autonomía organizativa de cada centro docente, así como o seu proxecto educativo.

Quinta. Financiamento

Este convenio non leva consigo aparelladas obrigas económicas para ningunha das partes.

Sexta. Relacións laborais

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da Federación Down Galicia e das súas entidades membros e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

Sétima. Comisión de seguimento

1. Para a coordinación e desenvolvemento deste convenio constituirase unha comisión mixta, formada por catro persoas. Cada unha das partes designará dúas, correspondendo a presidencia e a secretaría da comisión ás persoas representantes da Consellería.



2. A comisión reunirase, con carácter ordinario, unha vez cada curso escolar. A reunión terá lugar no primeiro trimestre do curso, logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión, e sempre que unha das partes o solicite.

3. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:

a) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.

b) Analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.

c) Elaborar unha ficha de seguimento anual do convenio sobre o funcionamento do mesmo.

d) Difundir e promover o convenio asinado entre ambas as partes.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava. *Natureza e réxime xurídico*

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.

Segundo o artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as relacións xurídicas, os negocios e os contratos excluídos do ámbito desta lei rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios da mesma para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Así pois, as dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de discrepancias, serán competentes os órganos xudiciais da orde contencioso-administrativa, tralo esgotamento da vía administrativa.



Novena. Protección de datos e confidencialidade

Ambas as partes comprométense a cumprir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polas partes asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décima. Transparencia

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Décimo primeira. Resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo segunda. Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e durará ata finais do curso académico 2027-2028, isto é o día 31 de agosto de 2028, podendo ser prorrogado expresamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscrición do oportuno acordo de modificación.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a modificación do seu prazo de execución.

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a vixencia máxima das prórrogas do convenio non poderá superar o límite temporal establecido.

Décimo terceira. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.



Lido o Convenio asínase dixitalmente polas partes.

POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL,

O CONSELLEIRO,

Román Rodríguez González

POLA FEDERACIÓN DOWN GALICIA
(DOWN GALICIA),

O PRESIDENTE,

Delmiro Prieto González

